

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, integrante do **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa ás afectacións causadas por hidrocarburos vencellados ás instalacións de Repsol na Coruña na actividade marisqueira.

Sucédense as alcaldías e gobernos autonómicos e estatais sen que resolvan os problemas estruturais que lastran o traballo das persoas mariscadoras. Polo medio se atopa a manipulación e afeitado das conclusións do informe elaborado pola misión investigadora que xirou visita ás rías galegas diante das diversas peticións que denuncian a súa contaminación.

A ría da Coruña- O Burgo presenta a maior perda de produtividade marisqueira ao longo das últimas décadas. Dun estudo realizado pola propia Xunta nos anos noventa, xa se detectaran elevadas concentracións de mercurio, prata e cobre sedimentados no leito da ría. Os hidrocarburos poliaromáticos (PAH) supoñen o segundo grupo contaminante seguidos dos policlorobifenilos (PCB, para constatar que mesmo os sedimentos comprendidos na profundidade de 1-1,25 m. tamén están contaminados.

A secuencia histórica de contaminación ambiental por parte da refinaría de Repsol semella elocuente do nivel de riscos que comporta semellante instalación e da deixación das autoridades públicas para pór remate a semellante estado de cousas. Esta empresa xunto con Fenosa e Endesa constitúen as empresas máis contaminantes en Galicia. De feito á secuencia estrutural da contaminación causada por Repsol esta compañía ten tamén no seu debe algúns dos accidentes petroleiros que coñeceu a zona da Coruña. Espazos como san Amaro ou Lorbé presentan altos índices de contaminación.

Cando de xeito reiterado se suceden peches da ría coruñesa e do Burgo como consecuencia de vertidos de hidrocarburos sofren os bancos marisqueiros e o traballo do sector. En febreiro deste ano estivo a ría pechada para as actividades do marisqueo unha quincena. E en marzo repetiuse a prohibición das labores extractivas. Cada semana de peche suponlle a cada traballador unha media de 400-500 euros no entanto

seguen a aboar os seus impostos, caso do de autónomos, sen dispor de axuda algunha. Mais cando o fondo europeo de pesca contempla diversas posibilidades de axuda que o desleixo do goberno galego non aproveita. Esta situación provocou xa que se acumulen débedas coa Seguridade Social e facenda.

Esa contaminación induce altos niveis de mortandade sobre os bancos marisqueiros. Así en ameixa fina ronda o 20%. E son tamén moi altas no caso dos berberechos.

Nada sabemos das actuacións da fiscalía sobre a xénese e posible responsabilidade penal derivados deses vertidos.

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia presenta unha notable insuficiencia no que atinxe á información, alomenos a que proporciona de xeito accesible e inmediato, e sofre unha clara insuficiencia dos recursos e persoal dispoñibles. Só dende maio se rexistraron diversos peches: o do 6 de maio de maneira cautelar e de novo o 11 de maio ate o 22 dese mes; o 1 de xullo e do 2 ate o 29 dese mes; o 2 de setembro para continuar do 5 ate o 11 de setembro; para decretarse un novo peche o 22 de setembro ate o 3 de outubro.

Pero a transparencia non chega para que a cidadanía podamos acceder aos datos referidos á contaminación química, por metais pesados, organoclorados e hidrocarburos.

A combinatoria dunha acción industrial opaca e sen apenas controis públicos efectivos, as condicións nas que se realiza o dragado, a realidade do furtivismo e a cadea de peches para a actividade marisqueira e a alta mortalidade das especies mariñas configuran un panorama insostible, toda vez que seguen a demorarse as medidas estruturais e faltan as axudas ao colectivo de mariscadoras e mariscadores.

Polo referido o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Que actuacións comprométese a realizar a Xunta diante de Repsol para garantir a fin da impunidade polos continuos vertidos de hidrocarburos na ría da Coruña
- O Burgo?

En Compostela, a 18 de novembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez



Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 18/11/2015 14:15:40